



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O SAVIÑAO	2º-semester-2019	Taxa pola recollida de lixo
SAMOS	2º-semester-2019	Taxa pola recollida de lixo
O VICEDO	1º-semester-2019	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 30 de outubro de 2019.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 3372

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA /Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 15/11/2019 e finalizará o día 15/01/2020, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O SAVIÑAO	2º-semester-2019	Taxa pola recollida de lixo
SAMOS	2º-semester-2019	Taxa pola recollida de lixo
O VICEDO	1º-semester-2019	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravién o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económica administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 30 de outubro de 2019.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 3371

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS. SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACION DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIO PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 6 DE NOVEMBRO DE 2019 AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE "AUXILIAR DE ARQUIVO" AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES DESTA TIPO DE PERSOAL NOS SUPUESTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír unha listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Arquivo (Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C, Subgrupo C1) para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos destas características, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP.

Características do tipo de praza/emprego/posto obxecto da convocatoria:

Denominación: Auxiliar de Arquivo

Clasificación:

Réxime xurídico funcional.

Grupo C.- Subgrupo C1.

Escala de Administración Especial. Subescala Servizos Especiais.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

Artigo 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que se establece que "son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*
- b) A substitución transitoria dos titulares.*

c) A execución de programas de carácter temporal.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, esixe que: "non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que "os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto".

Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

Listaxes de emprego temporal conformadas por aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nestes momentos non existe Listaxe de Emprego Temporal de "Auxiliar de Arquivo" ao obxecto de poder cubrir provisionalmente as necesidades de nomeamentos interinos a través da devandita Listaxe, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

Proposta de acordo.

Considerando que se teñen constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulación cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Arquivo (Grupo C, subgrupo C1) para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamento de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

Denominación praza/emprego/posto: Auxiliar de Arquivo.

Grupo/Subgrupo: C/C1.

Clasificación: Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE “AUXILIAR DE ARQUIVO”.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA: Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como **AUXILIAR DE ARQUIVO**.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:

- **DENOMINACIÓN:** AUXILIAR DE ARQUIVO.
- **GRUPO/SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN:** C/C1.
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial. Subescala Servizos Especiais.

4.- BASES DA CONVOCATORIA:

A) BASES XERAIS :Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

B) BASES ESPECÍFICAS: As bases específicas que rexeran este proceso selectivo para constituír a listaxe serán as recollidas nos seguintes apartados

5.- FUNCÍONS DA PRAZA/POSTO DE TRABALLO:

O cometido funcional desta praza e posto de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial en calquera dos servizos desta.

Os ocupantes destes postos realizarán as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este.

En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo Xefe da Área ou Servizo correspondente de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

6.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA:

Bacharelato ou Técnico (art. 76 EBEP)

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- PROGRAMA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

Tema 2.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa. A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

Tema 3.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos. A administración electrónica.

Tema 4.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

TEMAS INFORMÁTICA

Tema 1.- Concepto, evolución e tendencias dos sistemas operativos. Sistemas operativos: Sistemas operativos Windows e sistemas operativos Unix-Linux.

Tema 2.- Modelo xenérico de un ordenador: arquitectura de un sistema informático. Compoñentes de un equipo informático e fundamentos Hardware. CPU, RAM, Disco Duro, etc. Dispositivos de entrada e saída E/S. Controladores e periféricos.

Tema 3.- Redes de comunicación: XDSL, WI-FI (802.11), WI-MAX (IEEE 802.16), PLC, Bluetooth. Vantaxes e inconvenientes.

Tema 4.- A rede Internet, a súa historia, conceptos e características. Principais servizos de Internet: correo electrónico, WWW, FTP, Telnet e outros.

Tema 5.- Redes de Área Locais. Características e Tipoloxía, Métodos de acceso ó medio.

Tema 6.- O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO. Protocolos TCP/IP, Direccións de rede IPv4 e IPv6, dirección de host, multicast e de broadcast.

Tema 7.- Conceptos de seguridade dos sistemas de información. Seguridade física e seguridade lóxica. Protección e medidas de seguridade.

Tema 8.- Conceptos de servizos de Internet avanzados: Big Data, Open Data, Servizos Cloud, Internet of Things, comercio electrónico.

TEMAS ARQUIVÍSTICA

Tema 1.- O arquivo: concepto, función e clasificación segundo o seu ciclo vital. O documento de arquivo: definición e razón polas que se producen e conservan os documentos de arquivo. Caracteres e elementos dos documentos de arquivo. Valores dos documentos.

Tema 2.- As transferencias e o control da documentación: os ingresos dos documentos. Tipos de ingresos. As transferencias e as súas modalidades. Procedemento e planificación das transferencias. A folla de remisión. Formas ordinarias e extraordinarias da saída de documentos.

Tema 3.- Xestión de fondos documentais: identificación descrición, valoración e selección. Instrumentos de descrición do arquivo: guías, inventarios, catálogos e índices.

Tema 4.- A Norma Internacional de Descrición Arquivística ISAD(G). Antecedentes e definición da norma, características, regras para a descrición multinivel, estrutura e elementos que a compoñen.

Tema 5.- Os arquivos das deputacións: funcións e competencias.

Tema 6.- Arquivística e novas tecnoloxías: As TIC como ámbito de actuación. A interoperabilidade: NTI, ENI, definición e obxectivos.

Tema 7.- A Administración electrónica. Vantaxes. O arquivo electrónico do documento. Referencias legislativas sobre o arquivo electrónico.

Tema 8.- Medidas ambientais e de seguridade nun arquivo.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**ANEXO I DAS BASES XERAIS QUE REGULAN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL INTERINO/TEMPORAL.****DATOS DA PRAZA / EMPREGO / LISTAXE QUE SOLICITO:**

DENOMINACIÓN:	
ADSCRICIÓN:	
RÉXIME XURÍDICO:	
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:	

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de.....
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

- A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases específicas.

- A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

(Sinatura)

Lugo, de de

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

B) TITULACIÓNS ACADÉMICAS (Máximo 2 punto).

C) CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS , CONGRESOS E SIMILARES RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO/FUNCIÓN Á QUE SE OPTA (Máximo 4 puntos).

ASISTENCIA		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		

APROVEITAMENTO		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		

4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		

IMPARTICIÓN.		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

PUBLICACIÓNS, PROXECTOS, MASTERS PROPIOS, SEMINARIOS, ETC.	
Nº Orde.	Denominación.
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	

10	
----	--

D) IDIOMA GALEGO (Máximo 1 punto).

Nº. Orde.	Denominación da acción formativa ou titulación.
1	
2	
3	
4	
5	
6	

E) IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto).

Nº Orde.	Denominación da acción formativa ou titulación.
1	
2	
3	
4	
5	

F) SUPERACIÓN DE PROBAS (Máximo 1 punto).

Proba superada.	Nº Boletín Oficial de publicación da convocatoria

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será tratados pola Deputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.

R. 3411

CONCELLOS
MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2FRACCION MATRICULA CURSO 2019-2020

Por Xunta de Goberno Local do día 4.11.2019 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2019 -2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 8.11.2019 ata o 8.01.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 5 de novembro de 2019.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3376

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2019 mediante transferencia de crédito

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de créditos entre partidas de distinto área de gasto por un importe de 53.500,00€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, a 5 de novembro de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3377

OUROL

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do orzamento xeral do concello de Oural correspondente ao exercicio 2019, unha vez incorporado o expediente de modificación, suplemento de crédito. O expediente foi aprobado provisionalmente en sesión plenaria extraordinaria de data vinte e sete de setembro de dous mil dezanove sen que se presentase ningunha reclamación dentro do prazo de exposición ao público.

ESTADO DE GASTOS

Operacións correntes

Capítulo	Denominación	Importe ant.	Modificación	Importe actual
1º	Gastos de persoal	1.031.654,47 €	0,00 €	1.031.654,47 €
2º	Gastos correntes en bens e servizos	553.069,32 €	42.700,00 €	595.769,32 €
3º	Gastos financeiros	0,00€	0,00€	0,00€
4º	Transferencias correntes	81.331,94 €	0,00 €	81.331,94 €

Operacións de capital

6º	Investimentos reais	516.772,84€	0,00 €	516.722,84 €
7º	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8º	Activos financeiros	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €
9º	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €

IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN: 42.700,00 €

Segundo dispón o artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo en relación co artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Oural, catro de novembro de dous mil dezanove.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3378

PALAS DE REI

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2019-0406, ditada o 30 de outubro, o padrón e lista cobratoria da taxa pola entrada de vehículos a traveso da beirarrúa, referidos ao exercicio 2019, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público *no Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de *quinze días hábiles*, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da taxa, correspondente ao ano 2019, en:

Localidade: Palas de Rei

Oficina de recadación: Contas restrinxidas de recadación de ABANCA e de CAIXA RURAL GALEGA en horario das mesmas

Prazo de ingreso: do 2 ao 31 de decembro de 2019

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Palas de Rei, 31 de outubro de 2019.- O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira.

R. 3379

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2019-0407, ditada o 30 de outubro de 2019, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º Trimestre do 2019, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 30 de novembro. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 31 de outubro de 2019.- O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira.

R. 3380

RIBADEO

Anuncio

ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS

Con data 15/10/2019, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo adoptou acordos de fixación de prezos públicos concretos, en desenvolvemento da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, de acordo co seguinte.

CELEBRACIÓN DO MERCADO DE NADAL 2019:

"Primeiro.- Aprobar os seguintes prezos públicos para a CELEBRACIÓN DO MERCADO DE NADAL 2019, de acordo co recollido no artigo 5 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:

1. ARRENDAMENTO DE CASETAS PARA A PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE NADAL 2019 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE RIBADEO: 150,00 EUROS

Segundo.- *Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP"*

CELEBRACIÓN DO CONCERTO TONINA SAPUTO:

"Primeiro.- *Aprobar os seguintes prezos públicos para a CELEBRACIÓN DO CONCERTO TONINA SAPUTO, de acordo co recollido no artigo 5 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓN, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:*

ENTRADAS PARA CONCERTO DE TONINA SAPUTO A CELEBRAR O DÍA 09/11/2019:

VENDA ANTICIPADA 8,00 EUROS

VENDA EN BILLETEIRA 10,00 EUROS

Segundo.- *Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP"*

CURSO DE MONITOR/A ACTIVIDADES TEMPO LIBRE:

"Primeiro.- *Aprobar os seguintes prezos públicos para a actividade CURSO DE MONITOR/A ACTIVIDADES TEMPO LIBRE, de acordo co recollido no artigo 5 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓN, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:*

1. INSCRIPCIÓN NO CURSO DE MONITOR/A ACTIVIDADES TEMPO LIBRE ORGANIZADO POLO CONCELLO DE RIBADEO NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019 E XANEIRO DE 2020: 150,00 EUROS/PARTICIPANTE

Segundo.- *Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP"*

Contra os acordos de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Ribadeo, 30 de outubro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3310

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL T17 TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 05/11/2019, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T17 TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 5 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3381

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 24/2019

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 24/09/2019, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 24/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de persoal, fixando o importe máximo en concepto de produtividade a repartir para 2019, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capitulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.645.298,85	0,00	4.645.298,85
2	Gastos B. Correntes e Servizos	3.691.513,50	0,00	3.691.513,50
3	Gastos Financeiros	13.850,00	0,00	13.850,00
4	Transferencias Correntes	324.313,56	0,00	324.313,56
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.026.102,93	0,00	3.026.102,93
7	Transferencias de Capital	182.706,42	0,00	182.706,42
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	60.656,60	0,00	60.656,60
Total		11.991.487,40	0,00	11.991.487,40
ESTADO DE INGRESOS				
Capitulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.621.000,00	0,00	2.621.000,00
2	Impostos Indirectos	160.000,00	0,00	160.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.455.406,79	0,00	2.455.406,79
4	Transferencias Correntes	3.593.075,18	0,00	3.593.075,18
5	Ingresos Patrimoniais	13.924,66	0,00	13.924,66
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.154.767,36	0,00	1.154.767,36
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.228.487,01	0,00	1.228.487,01
9	Pasivos Financeiros	678.215,00	0,00	678.215,00
Total		11.904.876,00	0,00	11.904.876,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 7 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3417

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2019

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 24/09/2019, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 25/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para amortización de débeda, pola cantidade de 392.000,00 euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.645.298,85	0,00	4.645.298,85
2	Gastos B. Correntes e Servizos	3.691.513,50	0,00	3.691.513,50
3	Gastos Financeiros	13.850,00	0,00	13.850,00
4	Transferencias Correntes	324.313,56	0,00	324.313,56
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.026.102,93	0,00	3.026.102,93
7	Transferencias de Capital	182.706,42	0,00	182.706,42
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	60.656,60	392.000,00	452.656,60
Total		11.991.487,40	392.000,00	12.383.487,40
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.621.000,00	0,00	2.621.000,00
2	Impostos Indirectos	160.000,00	0,00	160.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.455.406,79	0,00	2.455.406,79

4	Transferencias Correntes	3.679.686,58	0,00	3.679.686,58
5	Ingresos Patrimoniais	13.924,66	0,00	13.924,66
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.154.767,36	0,00	1.154.767,36
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.228.487,01	392.000,00	1.620.487,01
9	Pasivos Financeiros	678.215,00	0,00	678.215,00
Total		11.991.487,40	392.000,00	12.383.487,40

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 7 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3418

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 05/11/2019, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 5 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3419

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL T26 SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 05/11/2019, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T26 SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 5 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3420

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 05/11/2019, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 5 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3421

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 05/11/2019, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 5 de novembro de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3422

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2019

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 440/2019 de data 5 de novembro de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2019 polo importe total de 5.674,50€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 5 de novembro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3382

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 2 PONFERRADA

Anuncio

D.SERGIO RUIZ PASCUAL, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE PONFERRADA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D.ABDON BLANCO VALLE contra DOS DE MAYO INVERSIONES S.L., ITASI SA, PIZARRAS DE LEON, FRATERNIDAD MUPRESA, COORDINADORA DE SERVICIOS

PREVENTIVOS, IKAPI, PEBOSA, VALDEORRAS DE PIZARRA, NORPREVENCION, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000314 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a COORDINADORA DE SERVICIOS PREVENTIVOS, IKAPI, PEBOSA, VALDEORRAS DE PIZARRA, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 9/3/2020 a las 10:00 horas, en AV.HUERTAS DEL SACRAMENTO S/N - Sala 005, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente

valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **PEBOSA** se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En PONFERRADA, a treinta de octubre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3386

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - O VALADOURO

Anuncio

AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS NOS CENTROS PÚBLICOS DA COMARCA DA MARIÑA

BDNS (Identif.):481195

Convocatoria de axuda para o transporte de estudantes de Bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña -Curso 2019/2020

BDNS (Identif.): 481195

a) Crédito orzamentario: 10.000euros. Partida de imputación: 326.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en

centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica, ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional, así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:-Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.-Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz, Lourenzán e Mondoñedo.-Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos:

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto polo menos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais, ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de O Valadouro, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro do ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de O Valadouro.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo declaración xurada de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

e) Documentación a presentar:

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

c.- Fotocopia do Libro de Familia.

d.- Certificado de empadramento e convivencia.

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.

g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.

h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrígase condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.

f) Unidade tramitadora: Concelleira delegada de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Muller, Familia e Conciliación.

Órgano competente resolución: Alcaldía

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses.

i) Admítese a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases, superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica, e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

O VALADOURO, 08 DE NOVIEMBRE DE 2019.- ALCALDE - PRESIDENTE, EDMUNDO MASEDA MASEDA.

R. 3442